

Consello de Campus

15 de decembro de 2017, 9,30h en primeira convocatoria,10h en segunda convocatoria.

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe do vicerreitor do campus de Pontevedra.
4. Rolda de intervencións.

As 10:00 horas do 15 de decembro de 2017 dá comezo a xuntanza do Consello de Campus coa asistencia dos seguintes membros:

Salustiano Mato De la Iglesia
Juan Manuel Corbacho Valencia
Dolores Dopico Aneiros
Vicente Romo Pérez
Xosé Baamonde Silva
Rafael Durán Barbosa
Marcos Dopico
Ángeles Cancela Carral
Lucrecia María López Rubianes
Adela García-Pintos Escuder
Carlos Mollinedo Lois
Ernesto Vazquez-Rey

Desculpan a súa ausencia os seguintes membros do Consello de Campus

José Luís García Soidán
Juan Picos Martín (asiste Ángeles Cancela)
Silvia García (asiste Marcos Dopico)

En relación coa composición do Consello de Campus produciuse a incorporación do profesor Rafael Durán como Decano en funcións da Facultade de Fisioterapia e do Profesor Juan Picos como Director da Escola de Enxeñaría Forestal.

O Reitor agradece a Gustavo Rodríguez Fuentes e Enrique Valero Gutiérrez del Olmo a labor realizada a fronte dos seus respectivos centros. Tamén subliña que existen vacantes na composición do Consello de Campus pero non se convocaron eleccións porque os Estatutos da UVigo están en proceso de reforma.

Así mesmo, o Reitor propón e solicita que actúe como Secretario accidental, Celso Cancela Outeda, director da Area de Planificación.

Tanto este último como Manuel Morquecho Barral, Director da Área de Cultura, asisten como convidados á xuntanza do Consello de Campus de Pontevedra.

O Reitor manifesta o seu pesar polo falecemento de Manuel Moldes, profesor da Facultade de Belas Artes.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Presidente do Consello de Campus

O Reitor comeza sinalando que lamenta que non se tiveran convocado máis xuntanzas deste órgano pero a carga de traballo non o permitiu. Desculpase porque rachou a senda de frecuencia das xuntanzas.

De seguido refire o proceso de modificación do mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia que afecta á oferta e racionalización de títulos e que puxo en tela de xuízo varios títulos. En concreto, alude ao Decreto da Xunta de Galicia que sinalaba que se eliminarían os títulos que non cumprisen cos requisitos (elementos cuantitativos 45 alumnos).

Subliña que o goberno da Universidade Vigo adiantouse, en 2015, fíxose un traballo de dirección estratéxica e acompañamento para elaborar un plan específico para cada título afectado. En concreto, eran dous no Campus de Pontevedra: Dirección Xestión Pública e Enxeñaría Forestal. Sinala que o proceso viuse condicionado polo cambio na Consellería de Educación e explica de xeito detallado os pormenores da negociación entre a Consellería e as universidades do SIG. Fai fincapé en que, a finais de 2016, foron aprobados os plans de viabilidade dos referidos títulos por avaliadores externos.

A continuación, apunta que o proceso de apertura e mellora do mapa de títulos do Sistema Universitario de Galicia implicou, realmente, un dobre proceso (supresión de títulos existentes e implantación de novos títulos) cunhas condicións (supresión de títulos xa existentes ou redución de matrícula nunha facultade ou no campus). Comenta, en xeral, os procesos na UDC e na USC.

Subliña que, no acordo coa Consellería, queda recollida a consolidación dos títulos con plan de viabilidade. No caso concreto deste Campus, os informes parciais dos plans de viabilidade dous títulos implicados foron aprobados por expertos externos. De seguido, comenta cada caso concreto. O Grao en Dirección e Xestión Pública incorporou unha serie de melloras (dobre título coa USP de Sao Paulo e semipresencialidade) e acadou o número mínimo de matrícula. Polo tanto, deixa de estar en cuestión. O caso do Grao en Enxeñaría forestal tratouse de pór en valor as

fortalezas (concentración de investigadores no eido forestal coa presenza de Estación de Lourizán, CSIC... ou o tratarse dun título con atribución de competencias profesionais regradas). Refírese os detalles das propostas da Consellería de Educación, nomeadamente, os títulos interuniversitarios de grao. Tamén menciona a inminente constitución do Consorcio Interuniversitario de Galicia que actuará como xanela única dos títulos interuniversitarios. Inicialmente, será aplicable aos mestrados e doutoramentos. Polo que afecta ao Grao en Enxeñaría forestal, a liña de traballo futura debe asentarse no denominado “espazo de colaboración entre títulos duplicados con baixa demanda” para que lograr unha mínima homoxeneidade e unha determinada especialización. Isto descansará no acordo entre as escolas implicadas.

Despois, o Reitor menciona o proceso de implantación de novos títulos como o caso do Grao en Deseño e Innovación que dependerá da Facultade Belas Artes. A expresión de interese realizárase na primavera de 2018 e arrancará, previsiblemente, no curso 19-20.

Tamén comenta brevemente a implantación de novos mestrados e doutoramentos na UVigo.

O Reitor desexa agradecer ao PAS o esforzo que está realizando nestes meses para adaptarse á nova RPT. Tamén pide desculpas por non ter logrado un acordo global cos sindicatos en relación a esta nova RPT. En relación a este aspecto salienta, que a consolidación de postos de traballo e a creación de novos postos foi posible porque se puido aumentar a masa salarial do PAS.

O seguinte aspecto tratado é a reforma do Estatutos da UVigo. Previsiblemente, será aprobados en xaneiro de 2018 e, de seguido, procederáse á convocatoria de eleccións a Claustro e a reitor.

Por último, o Reitor alude á sinatura do convenio coa Xunta de Galicia que permitirá dotar ao Campus CREA Si2 con 120.000 euros.

3. Informe do Vicerreitor do Campus de Pontevedra

O vicerreitor informa dos distintos avances realizados durante o último ano nos eidos do proxecto de especialización CREA S2i e as súas áreas de traballo, con especial referencia ao apartado cultural, o Green Campus e as cuestións relativas ás infraestruturas e obras.

Retomando a intervención do Señor Reitor comeza por esbozar as actividades relativas ao CREA S2i ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións de I+D+i. Entre as múltiples accións destaca o apoio ao programa de doutoramento, a elaboración dun informe para detectar e poñer en

marcha posibles agrupacións estratéxicas, a formación dos proxectos INCUVI afincados en Pontevedra, os encontros bilaterais entre empresas e investigadores/as do campus, os monólogos científicos, a ampliación da base de datos audiovisual e a visita virtual do campus de Pontevedra, a Semana Europea da Mobilidade e a Semana Internacional da Creatividade e da Innovación, o FabLab, a organización de cursos de verán, xornadas de portas abertas e saídas profesionais.

No eido das infraestruturas salienta que xunto con accións específicas nas distintas instalacións pertencentes ao campus no eido da seguridade, prevención de incendios e arranxos diversos, tense completado no presente curso a instalación do Gas Natural en todos os centros coa Facultade de Fisioterapia e onte mesmo coa recepción da instalación na Escola de Enxeñaría Forestal o que supón unha redución dun 20% de emisións de CO₂ e unha media de entre o 15% e o 20% de aforro en combustible. Outra medida de aforro enerxético é a progresiva colocación de luminarias LED e o avance na implantación do plan de accesibilidade. Colocáronse nas Facultades de Belas Artes, de Fisioterapia, de Ciencias da Educación e do Deporte, na Escola de Enxeñaría Forestal e no Pavillón Universitario portas automáticas que permiten minimizar as fugas de calor. No Pavillón Universitario ademais instalouse o ascensor para dar acceso ás gradas, así como a implementación da identidade corporativa gráfica da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra e da Área de Benestar, Saúde e Deporte. Informa de que na acta engadirase un desglose pormenorizado das obras por centros e procederase como é habitual iniciando o ano coas reunións cos equipos de dirección para ir concretando as obras previstas para o 2018.

Informa de que en xullo aprobouse o terceiro plan de acción Green Campus con 54 medidas que se basean tanto en propostas transversais como en iniciativas e achegas dende os centros nalgún dos seguintes ámbitos:

- Optimización do consumo de auga e enerxía
- Redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva
- Correcto tratamento e xestión dos RAEEs e RPAs
- Mellora da mobilidade e accesibilidade
- Biodiversidade, reforestación e adecuación de zonas verdes
- Compra verde, comercio xusto e consumo responsable
- Participación, sensibilización e voluntariado ambiental
- Política de sustentabilidade

O curso comezou coa celebración da Semana Europea da Mobilidade cortando novamente o vial central do campus da Xunqueira para concienciar sobre métodos de mobilidade alternativa. Coincidiu coa posta en marcha do servizo de préstamos de bicicletas que tivo gran éxito de acollida. Tamén levamos a cabo a quinta edición da Semana da Recollida de RAEEs por mencionar algunhas. De feito chegouse a un 70% de de execución do anterior plan, cifra que agardamos repetir.

Aínda que non forma parte do plan de acción, instalouse o primeiro composteiro no campus da Xunqueira que está producindo a tal ritmo que a semana que ven comenará a instalación doutro composteiro de menor tamaño entre a Escola de Enxeñaría Forestal e os campos de fútbol da Xunqueira.

Entrando xa na evolución do CREA S2i e comezando polo apartado de transferencia e investigación, compre destacar a sinatura dos seguintes convenios: coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra un convenio de colaboración para avanzar nunha xestión sostible dos residuos e que conta cun financiamento de 230.000 euros durante os próximos tres anos. Tamén se concretou un acordo coa Deputación de Pontevedra para impulsar a mobilidade do alumnado. O ente provincial destina 100.000 euros a bolsas para o estudantado participante no programa Erasmus+. A Deputación de Pontevedra ademais destina 170.000 euros a un proxecto para o desenvolvemento dunha tecnoloxía de detección con drones de especies invasoras e prevención de lumes forestais no que colabora o CINAIE (Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia). Universidade e Deputación ademais aliáronse para formar en igualdade a profesorado e alumnado, impartido polas profesoras María Álvarez Lires e Azucena Arias e que ven de rematar o seu primeiro módulo.

No 2017 iniciáronse as primeiras conversas para buscar alianzas co Brooklyn College dentro do proxecto de especialización CREA S2i. Helen Richardson, directora do PIMA, visitou á Universidade de Vigo e mantivo varias reunións no campus de Pontevedra, entre outros, co Comité de Dirección Técnica do CREA S2i. Este tipo de alianzas resultan fundamentais non so para a internacionalización do proxecto de especialización, senón que tamén contribúen a fortalecer o programa de doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable que comenzou a impartirse no curso actual con gran éxito con 20 matriculados/as, o número máximo previsto na memoria.

Celebrouse a terceira edición da Semana Internacional da Creatividade e da Innovación cunha vintena de actividades e a presenza de Juanjo Giménez, director da curtametraxe Timecode, nominada aos Óscar. Compre destacar a implicación dos centros nas actividades e o éxito dos almozos con investigadores, así que tamén adiantou que en xaneiro comezarán cos preparativos para a seguinte edición.

A Cátedra Jean Monnet Understanding the EU in the 21st Century e o CREA S2i presentaron unha xornada chea de exemplos de boas prácticas na cooperación entre a Universidade e as empresas e nas que o tecido empresarial coñeceu as canles de financiamento dispoñibles a través do programa Erasmus+. Completouse esta iniciativa con dúas xornadas de reunións postas en marcha polo CREA S2i no que investigadores/as das catro áreas de coñecemento do proxecto de especialización reuníronse con empresarios/as e asociacións das correspondentes áreas. Tamén organizáronse por primeira vez as Xornadas Técnicas de AEMPE para fortalecer o

vínculo entre emprendemento e Universidade (segunda edición en novembro de 2017) e o Reitor achegou o potencial en I+D da Universidade ao Rotary Club.

O grupo de investigación G4 Plus analizou xunto con outros 20 especialistas e investigadores 1,1 millóns de datos, salto cualitativo baixo os preceptos do CREA S2i e presentou o Informe Observatorio Urbano 2015 do Concello de Pontevedra cuxa seguinte edición presentarase a semana que ven no propio Concello de Pontevedra. Este grupo da man do seu IP, o profesor Pedro Figueroa, organizou en setembro a cuarta edición do Pont Up Store, a feira do emprendemento, que xa se ten consolidado como produto do CREA S2i e converte ano tras ano a Pontevedra na capital do emprendemento.

O campus de Pontevedra tamén volveu a participar no Edugal, Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia así como no programa Ponteenciencia – Feira da Miniciencia con preto 300 estudantes de oito colexios que se reuniron na Escola de Enxeñaría Forestal. Por certo, quero mencionar e destacar especialmente que en setembro, a Escola de Enxeñaría Forestal converteuse no primeiro centro do campus en recibir o Q de calidade pola certificación da implantación do seu Sistema Interno de Garantía de Calidade por parte da ACSUG.

Para ir finalizando con este apartado, cómpre destacar as numerosas iniciativas protagonizadas polos estudantes do campus de Pontevedra como son o programa de radio O Escaparate, os premios de creatividade We Are Ads, o Proxecto Táctil, unha exposición comisariada pola decana, Silvia García, para a que foron seleccionadas as creacións de dez alumnas pola súa especial condición táctil de texturas e procedementos ou o “Campus Illa San Simón” no que alumnos e alumnas de cinco titulacións presentaron no Sinsal Son Estrella Galicia catro proxectos que unen tecnoloxía e creación artística.

No curso 2016/2017 celebrouse a décima edición do Debut da Escola de ESDMGA (Estudios superiores de deseño téxtil e moda de Galicia), sendo seleccionada por primeira vez para participar nun encontro internacional de escolas de moda en Londres e no desfile internacional da Graduate Fashion Week da capital inglesa. Xa no curso actual iniciouse tamén con gran éxito de acollida o Mestrado en Deseño e Dirección Creativa de Moda.

En novembro foi concedido o Proxecto LAPASSION o que supón un importante impulso á internacionalización do mesmo. Trátase dun proxecto que conecta 15 institucións europeas e americanas cunha financiación dun millón de euros no programa Erasmus+ para promover a mobilidade de docentes e estudantes baixo o liderado do Instituto Politécnico de Porto.

Como transición ao apartado cultural, cabe mencionar que se organizou por primeira no campus de Pontevedra o Congreso Internacional de Videoxogos e Educación CIVE, máis concretamente a súa cuarta edición, o Social Media Day, o II Congressos de Arte en Acción, o II Congreso de Estudos Internacionais de Galicia da

man do IGADI, o Congreso España-Portugal, Visións Xeopolíticas da Península Ibérica da Fundación CEER, Eco-críticas. Palabras e imaxes. Catro mesas con catro relatorios e exposicións ou a sexta edición do AUGAL, o masterclass do audiovisual galego, o congreso internacional RELEX que elixiu por primeira vez Pontevedra como sede, ao igual que sección de comunicación estratéxica e organizacional da Asociación Española de Investigación en Comunicación (AE-IC), a maior asociación española nese ámbito que celebrou as II Xornadas Científicas de Comunicación Organizacional ou as II Xornadas Internacionais José Saramago.

En canto a actividades culturais, ofertáronse seis obradoiros e catro cursos da Aula Tecnolóxica en cada semestre. No eido audiovisual, vaise consolidando o Festival Novos Cinemas, nesta ocasión coa presenza de Oliver Laxe. Na sede da vicerreitoría proxectáronse como parte da súa programación cultural tres ciclos temáticos de cinema: “Arredor de si”, “A conversa sen fin” e “Garda as túas costas” así como outro de cinema francés en colaboración co IFcinèma: “O novo cinema francés: entre a melancolía e a renovación”. As relacións iniciadas fai agora dous anos coa Oficina Económica e Cultural de Taiwán seguen a dar os seus froitos coa visita do seu responsable, Simon Ko, e un relatorio sobre a importancia socioeconómica e cultural de Taiwán, así como a colaboración co Concello de Pontevedra na exposición do ilustrador Page Tsou no Pazo da Cultura titulada “Hide and Seek” ou O xogo das agochadas.

Continuaron as “Conversas na Uvigo” en colaboración co Diario de Pontevedra o último martes de mes, dende outubro a xullo.

Na parte musical houbo os seguintes concertos na sede da vicerreitoría de campus na Casa das Campás:

- Trío de canas “Veteris”. Música de cámara do s.XX.
- Homenaxe a Django Reinhardt de David Regueiro Trío.
- O cuarteto que integra o batería Miguel Lamas, xunto con Iago Mouriño ao teclado, Octavio Vargas ao baixo e Pablo Añón ao saxofón, presentou unha combinación coas músicas do mundo e o funk.
- Grupo Seitura ofreceu o seu primeiro concerto “Composicións tradicionais e esquecidas”, coa recuperación das pezas do coro Aires da Terra.
- Bonnie Cooper: “A muller na música” Compositoras do s. XII – s. XX.
- Josep Colom: recital cunha videocreación realizada con fotografías de Juan de la Sota e o recital de Estudios de Chopin no Teatro Principal
- Josep Colom: 24 estudios de Chopin no CMUS Manuel Quiroga.
- Capela Compostelana. The Cries of London, concerto no Teatro Principal.

Incorporase á oferta cultural do CREA S2i o Ciclo Do Audible e Vertixe Sonora, con catro dos seus nove concertos en Pontevedra. Segue a actividade do Coro do Campus de Pontevedra. A partires do Obradoiro de Música Tradicional creouse a Aula Permanente de Música Tradicional do Campus.

No curso 2016/2017 creouse unha nova actividade denominada “Encontros nas Campás”, coa colaboración do programa senior coas seguintes intervencións:

- Inés d’Ors. Rostros, máscaras e identidades.
- Xina Vega – Avelina Pérez. A longa sombra de Casares na miña xeración.
- Xesús Alonso Montero. O cancionero popular galego.
- Grupo CARUMA. Temas musicados de Rosalía de Castro
- Javier Villalba. As pegadas do zen na cultura de Xapón. Colabora a Japan Foundation.
- Carlos Rubio. Amor e intimidade na época Heain. Colabora a Japan Foundation.

No apartado expositivo, a Sala X acolleu ás seguintes mostras:

- “Magnífico” de Eduardo Outeiro”
- “Laboratorio de tiempo”, coordinado por Fernando Suárez
- “Sesión de improvisación”, Video: Noemí Parga y Francisco Medina. Audio: La Peña ahí con los Oídos Sangrando! (Adrian García, Nico Ben, Jaime van Bergen)
- “El pliego / Le pli / A folder”, grupo de investigación DX5, Digital and Graphic Art_Research
- “397.6 - Apprentice Master 2017”
- “Un rolo de papel continuo”, Nono Bandera, Marcos Covelo, Nuria Figueiredo, Berto Fojo, Julia Huete e Natalia Umpiérrez
- “70”, Juan Fernando Iglesias y Fernando Casás
- Bienal Internacional de Cerveira

Exposicións na planta baixa da sede da vicerreitoría do campus de Pontevedra na Casa das Campás:

- A miña luzada iluminaranos a todos. Fotografía. Coa ONG Implicadas no desenvolvemento.
- Ash Santos. The LA Track III
- Jeniffer Pereda, expón a obra “Irse”

Ao marxe de seguir programando con esta estrutura de base, dende a vicerreitoría e a súa área de extensión cultural estase a traballar en organizar a maior exposición en España da cineasta Agnès Varda. Por unha banda, celebraríase unha exposición que reúne traballos fotográficos e instalacións de Varda, que, de levarse a cabo, sería a súa segunda exposición artística en España, trala realizada en Sevilla en 2013, e tamén a de maiores dimensións. Esta mostra tería como complemento un ciclo de cine no que percorrer a traxectoria dunha cineasta que debutou en 1954 con *La Pointe courte* e que nestes días atópase presentando nos Estados Unidos o seu

último filme, *Visages, Villages*. Estas dúas propostas completaríanse ademais cunha serie de conferencias e cun taller para nenos e nenas centrado no seu filme *Jacquot de Nantes*, baseado na traxectoria vital do que foi o seu marido, o falecido cineasta Jacques Demy.

Dentro do apartado cultural o vicerreitor fai referencia á organización da 26 Gala do Deporte da Universidade de Vigo na que, entre outros, foi premiada a traxectoria do profesor José Luis García Soidan. O día anterior á celebración do Consello de Campus organizouse o Maratón Solidario de Zumba e o domingo organizárase o III Crossfit Solidario. Péchase o ano a nivel de programación cultural o venres 22 de decembro co *Concerto À propos de Les Nations ou Les Charmants Invasions a cargo de Capela Compostelana*.

Para rematar, destacar o vicerreitor que tanto estudantes como docentes do campus foron premiados nos seguintes concursos: Hack for Good, Mostra do Encaixe de Camariñas, Premio Palabra Pintada da Fundación Ankaria, Showing Film Awards, Festival Iberoamericano de Publicidade El Sol, Xuventude Crea, premios á innovación forestal da Cámara de Comercio, Asociación Española de Ciencia Política, Campeonatos de España Universitarios de Atletismo e o Vodafone Connecting for Good.

4. Rolda aberta de preguntas

O Sr. Mollinedo menciona o escaso número de xuntanzas do Consello de Campus. Tamén refire o asunto da RPT e entende que as desculpas ofrecidas polo Reitor deben ser ofrecidas ao persoal deste Campus que resultou damnificado (traslado ao Campus de Vigo e realización de noites).

Menciona as melloras realizadas na Biblioteca central do Campus que consistiron na substitución de tubos fluorescentes por luminarias LED. Considera que é unha medida acertada pero entende que debe ser complementada con novas actuacións nesta mesma liña.

En terceiro lugar, interésase pola tala de árbores realizada na Avenida de Compostela e como se resolverá o problema acústico que causa a circulación do tráfico.

En cuarto lugar, expón que na entrada da Facultade de Ciencias Sociais fúmase e existen borralleiros co que, deste xeito, se está a incumprir a normativa vixente nesta materia.

Ernesto Vazquez-Rey intervén para felicitar, en primeiro lugar, ao director da Área de Cultura, Manuel Morquecho Barral, pola programación.

En segundo lugar, pregunta pola posible adscrición da Escola Superior de Restauración á UVigo.

En terceiro lugar, refire que IESIDE utiliza a denominación de Campus Pontevedra na súa web o cal pode resultar confuso.

E, por último, interésase, en canto integrante do CEUNE (Consello de Estudiantes Universitarios de España), pola promoción da participación dos estudantes nos órganos de participación a nivel galego. Apuntou que se ten feito unha declaración nese senso e considera que en Galicia non se ten avanzado.

O Reitor dálle a palabra ao Director da Area de Planificación do Campus quen comenta que na Biblioteca central xa vai acometer unha segunda tanda de instalación de luminarias LED. Tamén dá conta das xestións co Concello en relación a tala das árbores da Avenida de Compostela efectuada polos servizos operativos desta institución e dos contactos co Ministerio de Fomento para a instalación dunha barreira acústica.

O Reitor intervén para comentar que, en relación coa Escola de Restauración, se mantiveron contactos coa Xunta de Galicia pero non se avanzou. De producirse esa adscrición, o lóxico sería que estivese vinculado á Facultade de Belas Artes. Poderíase iniciar o camiño para convertelo en centro adscrito o que implicaría que a supervisión académica do título fose da UVigo.

Respecto da cuestión de IESIDE, indica que encargará un mapeo para ver a publicidade que se fai e a denominación que utiliza ese centro adscrito.

A profesora Ángeles Cancela intervén para destacar que se debe prestar atención ás negociacións que lle afecten ao título de enxeñaría forestal dentro da nova estrutura do mapa de titulacións.

O Reitor comenta que, en efecto, haberá que estar vixiantes e atentos a transcurso do proceso.

Sen outros asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12.20 horas.

En Pontevedra , a 15 de decembro de 2017.

Secretario accidental
Celso Cancela Outeda